

5738 21.05.2013 10:26

Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013

Páxina 1 de 10

CONCELLO DE PORTO DO SON	
A CORUÑA	
REXISTRO XERAL	
CONCELLO DE PORTO DO SON	
Campo da Atalaia, s/n	Porto do Son, 27 MAI. 2013
15970 – PORTO DO SON	
ENTRADA N.º 3670	
Nº Identificación: C0715A7DA N.º	

### **ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN TRIBUTARIA**

- En data 13 de setembro de 2011 iniciáronse por Augas de Galicia actuacións inspectoras aos efectos de comprobar o cumprimento das obrigas que o Concello de Porto do Son, na súa calidade de entidade subministradora de auga ten encomendadas na xestión e aplicación do canon de saneamento de acordo co disposto na Lei 8/1993 e o Decreto 8/1999.

As actuacións de inspección revestiron carácter xeral e afectaron á totalidade dos elementos da obriga tributaria, especialmente ás obrigas de facturar e percibir o canon de saneamento dos seus abonados e, así mesmo, ás obrigas de declarar e autoliquidar as cantidades facturadas e percibidas a este Ente xestor nos exercicios dos anos 2007, 2008 e 2009.

Como resultado das actuacións inspectoras estendeuse acta de inspección en data 22 de febreiro de 2013 ante a cal o Concello de Porto do Son, no momento da firma da acta, manifestou a súa desconformidade, presentando en data 19 de abril de 2013 a súa conformidade coa proposta de regularización contida na acta de desconformidade de 22 de febreiro de 2013.

Na citada acta, a inspección considera que, basándose nos feitos e circunstancias do reflexo das cales queda constancia no expediente, existen indicios da comisión de infraccións tributarias establecidas no artigo 183 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- En virtude dos feitos descritos, e de acordo co establecido no artigo 22 do RD 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario e o artigo 32 do Decreto 8/1999, o Presidente de Augas de Galicia ACORDA o inicio do procedemento sancionador por infracción tributaria coas seguintes especialidades:

- O obrigado tributario presuntamente responsable da infracción é o Concello de Porto do Son, con C.I.F.: P1507200B
- As conductas que motivan a incoación deste procedemento sancionador son:



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
Páxina 2 de 10

- O Concello de Porto do Son non repercutiu o canon de saneamento a algúns dos seus abonados nas facturas-reibo de auga emitidas correspondentes a consumos dos exercicios 2007, 2008 e 2009.
- O Concello de Porto do Son non autoliquidou a Augas de Galicia a totalidade dos importes do canon de saneamento que viña obrigado a ingresar correspondentes a consumos dos exercicios 2007, 2008 e 2009.
- O Concello de Porto do Son non presentou ningunha das declaracíons tributarias que ven obrigado a presentar, segundo o disposto no artigo 16 do Decreto 8/1999, durante os exercicios 2007, 2008 e 2009.
- O Concello de Porto do Son non atendeu varios requisitos formulados por este Ente no transcurso do procedemento de inspección.
- Os preceptos infrinxidos, a súa posible cualificación e as sancións que puiden corresponder son os seguintes:
  - No relativo á non facturación do canon de saneamento, o precepto infrinxido é o artigo 201 da Lei Xeral Tributaria que cualifica a infracción como grave, consistindo a infracción nunha multa pecuniaria proporcional do 1 % do importe do conxunto das operacións que orixinasen a infracción, que se graduará nun 100% se concorde un incremento substancial das obrigas.
  - No relativo á non autoliquidación correcta do canon de saneamento, o precepto infrinxido é o artigo 191 da Lei Xeral Tributaria que cualifica a infracción como leve ou grave en función da base da sanción e a existencia ou non de ocultación, consistindo a infracción nunha multa pecuniaria do 50 % (no caso de ser leve) e nunha multa do 50 % que se graduará incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e de prexuízo económico para a Facenda Pública (no caso de ser grave).
  - No relativo á non presentación de declaracíons tributarias, o precepto infrinxido é o artigo 198 da Lei Xeral Tributaria, que cualifica a infracción como leve, consistindo a sanción en multa pecuniaria fixa de 200 euros por cada declaración non presentada.
  - No relativo á non atención a diversos requisitos emitidos por Augas de Galicia, o precepto infrinxido é o artigo 203 da Lei Xeral Tributaria que cualifica a infracción como grave, consistindo a sanción en multa pecuniaria fixa de 150, 300 ou 600 euros segundo se leña incumprido por primeira, segunda ou terceira vez, respectivamente, cada requerimento emitido pola Administración.

3. Encoméndase a instrución do procedemento sancionador a D<sup>a</sup>. Natalia Cadifanos Pérez, Subdirectora Xeral de Régime Económico e Financeiro de Augas de Galicia, resultando de aplicación o régime de recusación previsto no artigo 29 da Lei 30/1992, de 26 de



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
Páxina 3 de 10


novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A competencia para resolver o presente procedemento sancionador corresponde ao Presidente de Augas de Galicia de conformidade co disposto no artigo 32 do Decreto 8/1999.

4. Quedan incorporados ao presente expediente os datos, probas ou circunstancias obrantes ou obtidos no procedemento de inspección tributaria que finalizou coa Resolución 071/071/C/3, de 25 de abril de 2013, de acordo co establecido no artigo 210.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.
5. Considerando que se atopan en poder deste Órgano todos os elementos que permiten formular a proposta de imposición de sanción, resulta de aplicación no presente procedemento a tramitación abreviada prevista no artigo 210.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, polo que ao presente acordo de inicio de expediente sancionador se incorpora a proposta de resolución de imposición de sanción.

O que se pon no seu coñecemento aos efectos de que, dentro dos quince días seguintes á notificación deste acordo de inicio de expediente sancionador e proposta de imposición de sancións, o interesado poida presentar ante este Ente as alegacións e probas que considere oportunas, con posta de manifesto do expediente no mesmo. No caso de non formular alegacións nin aportar novos documentos ou elementos de proba, poderá dírtase a resolución de acordo coa proposta.

O presidente de Augas de Galicia  
(P.D. Resolución 30.01.12 DOG 31.01.12)  
O director de Augas de Galicia



Asdo.: Francisco Menéndez Iglesias



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
Páxina 4 de 10

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN

**PRIMEIRO.**- Considerando que, os feitos incorporados ao expediente deben estimarse probados, pois de acordo co establecido no artigo 144.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, os feitos aceptados polos obrigados tributarios nas actas de inspección presúmense certos e só poderán rectificarse mediante proba de ter incorrido en erro de feito. Neste caso concreto o concello de Porto do Son manifestou en data 19 de abril de 2013 a súa conformidade á acta de inspección C071071/12.

**SEGUNDO.**- Considerando as circunstancias que concorren na conduta do interesado, e que se derivan dos documentos incorporados ao expediente ata o momento de formular esta proposta, estimase que a conduta do obrigado tributario foi voluntaria, polo que se aprecia o concurso de dolo ou culpa, dado que o Concello de Porto do Son incumpriu as súas obrigas respecto do canon de saneamento.

**TERCEIRO.**- Considerando que no referente á conduta consistente na non facturación o precepto infrinxido é o artigo 201 da Lei Xeral Tributaria consistente en incumprir as obrigas de facturación, neste caso concreto, do canon de saneamento.

A estes efectos dito artigo establece que a infracción tributaria será leve cando consista no incumprimento das obrigas relativas á correcta expedición ou utilización dos documentos de circulación esixidos pola normativa dos impostos especiais, será grave cando se incumpran os requisitos esixidos pola normativa de facturación ou cando o incumprimento consista na falta de expedición ou conservación de facturas, xustificantes ou documentos substitutivos e será moi grave cando o incumprimento consista na expedición de facturas ou documentos substitutivos con datos falsos ou falseados.

Pois ben, no presente caso a conduta que da lugar á comisión da infracción, e da que se deixa constancia no punto cuarto da Acta de inspección estendida en data 22 de febreiro de 2013, consiste na non repercusión do canon de saneamento doméstico en 20 facturas-recibo emitidas para os consumos de 2007, en 1 factura-recibo emitida para o consumo de 2008 e en 9 facturas - recibo emitidas para os consumos de 2009, por parte do Concello de Porto do Son na súa calidade de entidade subministradora, implicando tal conduta a infracción da obriga de facturación establecida no artigo 38 da Lei 8/1993, que establece a obriga de que todas as entidades públicas ou privadas subministradoras de auga que desenvolván a súa actividade no territorio de Galicia de facturar e recadar dos seus abonados o canon de saneamento, obriga desenvolvida no artigo 14 do Decreto 8/1999, que exixe que as entidades subministradoras fagan constar de forma diferenciada e comprensible, na factura-recibo o



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
Páxina 5 de 10

tipo de gravame e o importe facturado en concepto de canon. Do exposto, a infracción debe cualificarse como grave por ter incumprido os requisitos esixidos pola normativa de facturación, respecto do canon de saneamento - art. 201.2.a)-.

Por outra parte, o apartado 5 do citado artigo establece que a sanción graduarase incrementando a contía resultante nun 100 por 100 no caso de que exista incumprimento substancial das obrigas de facturación. Neste sentido o artigo 187.1.c) da Lei 58/2003 establece que existirá incumprimento substancial das obrigas de facturación cando tal incumprimento afecte a máis do 20 por cento do importe das operacións suxeitas ao deber de facturación en relación co tributo ou obriga tributaria e período obxecto da comprobación ou investigación, circunstancia que non se produce neste caso concreto polo que non procede aplicar tal gradación sobre a contía da sanción.

En consecuencia, en atención ás devanditas consideracións, a sanción consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 1 por cento do importe do conxunto das operacións que orixinaran a infracción, ao abeiro do disposto no artigo 201.2.a). No Anexo I amósase o importe do conxunto das operacións que se deixaron de facturar correspondentes a cada período de autoliquidación, e que constituirán, por tanto, a base da sanción.

**CUARTO.-** Considerando que no referente á non autoliquidación de todas as cantidades que viña obrigado a ingresar, o precepto infrinxido é o artigo 191 da Lei Xeral Tributaria consistente en deixar de ingresar dentro do prazo establecido na normativa de cada tributo a totalidade ou parte da débeda tributaria que deberá resultar da correcta autoliquidación do tributo.

A estes efectos dito artigo establece que a infracción tributaria será leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3.000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación; será grave cando a base da sanción sexa superior a 3.000 euros e exista ocultación e, será moi grave cando se faga uso de medios fraudulentos. Polo exposto, a graduación da sanción virá establecida pola base da sanción e a existencia ou non de ocultación.

Pois ben, no presente caso a base da sanción debe vir determinada polo importe da cantidad a ingresar resultante da regularización practicada (no anexo II amósase a base da sanción correspondente a cada autoliquidación) concluíndose que en todos os casos é superior aos 3.000 € e, polo tanto, a cualificación de cada unha destas condutas en leve ou grave vai vir dada pola existencia ou non de ocultación.

Por tanto, debe valorarse a existencia ou non de ocultación. Neste sentido o artigo 184.2 da Lei Xeral Tributaria establece que existe ocultación de datos á Administración tributaria cando non se presenten declaracións ou se presenten declaracións nas que se inclúan feitos ou operacións inexistentes ou con importes falsos, ou nas que se omitan total ou parcialmente operacións, ingresos, rendas, produtos, bens ou calquera outro dato que incida na determinación da débeda tributaria, sempre que a incidencia da débeda derivada da



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
Páxina 6 de 10

ocultación en relación coa base da sanción sexa superior ao 10 %. Polo tanto, e dado que no presente caso se omitiron ingresos que debían de ser incluídos na autoliquidación correspondente e que ditos importes constitúen a base da sanción, a ocultación será do 100% e, en consecuencia, as condutas observadas deben ser cualificadas como graves.

A sanción a imponer para estas condutas será unha multa pecuniaria proporcional de 50 ao 100 % que se graduará incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e de prexuízo económico para a Facenda Pública, cos incrementos porcentuais previstos para cada caso nos parágrafos a) e b) da alínea I do artigo 187 da Lei Xeral Tributaria.

Sendo claro que non concorre no presente caso a aplicación da graduación pola comisión repetida de infraccións tributarias posto que o suxeito infractor non foi sancionado por unha infracción da mesma natureza, xa sexa leve, grave ou moi grave, en virtude de resolución finne en vía administrativa dentro dos catro anos anteriores á comisión da infracción, deberase graduar a sanción exclusivamente en función do prexuízo económico para a Facenda Pública.

A graduación debida ao prexuízo económico para a Facenda Pública debe determinarse pola porcentaxe resultante da relación existente entre a base da sanción e a contía total que deberá ingresarse da adecuada declaración do tributo, obténdose que dita relación é superior ao 75%, polo que o incremento será de 25 puntos porcentuais, ao abeiro do disposto no artigo 187.1.b) da Lei Xeral Tributaria. No anexo III desta resolución amósase a porcentaxe que se obtén da relación entre a base da sanción e o importe total que deberá autoliquidarse en cada período.

**QUINTO.**- Considerando que no referente á falta de presentación de varias das declaracions tributarias que viña obrigado a presentar o precepto infrinxido é o artigo 198.1 da Lei Xeral Tributaria consistente na falta de presentación en prazo de autoliquidacións ou declaracions, así coma dos documentos relacionados coas obrigas aduaneiras, sempre que non se teña producido ou non se poda producir prexuízo económico á Facenda Pública.

O Concello de Porto do Son, segundo se deixou constancia no apartado primeiro da Acta de inspección de 22 de febreiro de 2013 non presentou as seguintes declaracions tributarias:

- **Modelo 101 de Resumo Anual correspondente ao exercicio 2007.**
- **Modelo 101 de Resumo Anual correspondente ao exercicio 2008**
- **Modelo 101 de Resumo Anual correspondente ao exercicio 2009**
- **Modelo 101 de Resumo Anual correspondente ao exercicio 2010.**
- **Modelo 103 de Declaración de facturación correspondente ao exercicio do ano 2007.**
- **Modelo 103 de Declaración de facturación correspondente ao exercicio do ano 2008.**



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
Páxina 7 de 10

- Modelo 103 de Declaración de facturación correspondente ao exercicio do ano 2009.
- Modelo 103 de Declaración de facturación correspondente ao exercicio do ano 2010.

Polo tanto, o Concello de Porto do Son no presentou oito das declaracions tributarias que viña obrigado a presentar de acordo co previsto no artigo 16 do Decreto 8/1999.

O artigo 198.1 da LXT cualifica a infracción como leve establecendo que a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 200 euros ou, se se trata de declaracions censais ou a relativa á comunicación da designación de representante de persoas ou entidades cando así o estableza a normativa, de 400 euros. Por tanto, procederá imponer unha sanción de 200 € por cada unha das declaracions tributarias que o Concello de Porto do Son deixou de presentar.

SEXTO.- Considerando que no referente á non atención a diversos requisitos emitidos por Augas de Galicia durante o procedemento de inspección o precepto infrinxido é o artigo 203 da Lei Xeral Tributaria consistente na desatención no prazo concedido de requisitos emitidos pola Administración tributaria.

O Concello de Porto do Son, tal e como se deixou constancia no punto 2.A) e B) da Acta de inspección de 22 de febreiro de 2013, non atendeu o requerimento emitido por este Ente en data 17 de xaneiro de 2012 e, a súa reiteración en data 31 de maio de 2012.

O artigo 203.4 da Lei Xeral Tributaria cualifica a infracción como grave e establece que a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 150€, 300 € ou 600€, segundo se teña incumprido un requerimento, respectivamente, por primeira, segunda ou terceira vez.

Por tanto, e de acordo co disposto no artigo 203.4 da LXT anteriormente citado, observase que o Concello de Porto do Son deixou de atender un requerimento emitido dúas veces, polo que procederá imponer unha sanción de 300 €.

SETIMO.- Considerando que o Concello de Porto do Son manifestou a súa conformidade á acta de inspección polo que de acordo co establecido no artigo 188.1 da Lei Xeral Tributaria, a contía das sancions pecuniarias impostas segundo os artigos 191 a 197 dessa Lei reduciríase nunha porcentaxe dun 30 %, de maneira que no referente ás sancions impostas en virtude do artigo 191 procede aplicar dita redución na sanción calculada segundo o indicado no punto quinto desta proposta.

Polo exposto, e en atención á función instrutora que me foi encomendada no Acordo do inicio do expediente sancionar, emito a seguinte

#### PROPOSTA

Declarar responsable ao Concello de Porto do Son da comisión de

- 5 infracciones tributarias graves, tipificadas no artigo 201 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, consistente no incumprimento das obrigas de facturación do canon de




Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
Páxina 8 de 10

saneamento e imponer unha sanción de 1,03 €, resultante de aplicar a sanción do 1 %, sobre a base da sanción consistente en cada caso no importe do conxunto das operacións que orixinaron a infracción. No anexo IV desta proposta amósase o cálculo realizado para a determinación da sanción.

- 6 infraccións tributarias graves, tipificadas no artigo 191.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, consistente na falta de autoliquidacións a Augas de Galicia da totalidade dos importes do canon de saneamento que recadou dos seus abonados e imponer unha sanción de 76.107,32 €, resultante de aplicar a sanción do 75 % - 108.724,74 € - sobre a base da sanción consistente en cada caso no importe deixado de autoliquidar en cada un dos períodos de autoliquidación e a redución do 30% - 32.617,42 € - establecido no artigo 188.1 da Lei Xeral Tributaria. No anexo V desta proposta amósase o cálculo realizado para a determinación da sanción
- 8 infraccións tributarias leves, tipificadas no artigo 198.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, consistente na falta de presentación en prazo das declaracóns tributarias que viña obrigado a presentar, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 8/1999, e imponer unha sanción de 1.600,00 €, resultante de aplicar a sanción de multa pecuniaria fixa de 200 por cada unha das declaracóns non presentadas.
- 1 infracción tributaria grave, tipificada no artigo 203.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, consistente na falta de atención de requerimentos emitidos por Augas de Galicia, e imponer unha sanción de 300,00 €, resultante de aplicar a sanción prevista no precepto indicado ao non terse atendido o requerimento de data 17 de xaneiro de 2012 e a reiteración ao mesmo en data 31 de maio de 2012, polo tanto, por non terse atendido o requerimento de 17 de xaneiro de 2012 en dúas ocasións.

A instrutora  
A Subdirectora Xeral de Régime Económico e Financeiro

  
Asdo.: Natalia Cadiñanos Pérez



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
 Páxina 9 de 10

**ANEXO I: Base da sanción da infracción do artigo 201**

Ano	Autolliquidación	Importe non facturado
2007	2007B	26,73
2007	2008A	30,94
2008	2008B	3,79
2009	2009B	15,89
2009	2010A	25,71

**ANEXO II: Base da sanción da infracción do artigo 191**

Ano	Autolliquidación	Importe regularizado	Base da sanción
2007	2007B	26.168,64	26.168,64
2007	2008A	26.076,77	26.076,77
2008	2008B	26.929,54	26.929,54
2008	2009A	14.023,81	14.023,81
2009	2009B	28.814,08	28.814,08
2009	2010A	22.953,46	22.953,46

**ANEXO III: Cálculo do prexuízo económico**

Ano	Autolliquidación	Importe da correcta autolliquidación	Base da sanción	Relación entre a base da sanción e o importe da liquidación (%)	Puntos porcentuais a incrementar sobre a sanción mínima (%)	
					(%)	(%)
2007	2007B	26.195,37	26.168,64	26.168,64 / 26.195,37 = 99,90%	99,90%	25,00%
2007	2008A	26.107,71	26.076,77	26.076,77 / 26.107,71 = 99,88%	99,88%	25,00%
2008	2008B	26.933,33	26.929,54	26.929,54 / 26.933,33 = 99,99%	99,99%	25,00%
2008	2009A	14.023,81	14.023,81	14.023,81 / 14.023,81 = 100,00%	100,00%	25,00%
2009	2009B	28.829,97	28.814,08	28.814,08 / 28.829,97 = 99,94%	99,94%	25,00%
2009	2010A	22.979,17	22.953,46	22.953,46 / 22.979,17 = 99,89%	99,89%	25,00%



Santiago de Compostela, 08 de maio de 2013  
 Páxina 10 de 10

**ANEXO IV: Cálculo para a determinación da sanción pola infracción do art. 201 LXT**

Ano	Autoliquidación	Base da sanción	Sanción a imponer (%)	Sanción (€)
2007	2007B	26,73	1%	0,27
2007	2008A	30,94	1%	0,31
2008	2008B	3,79	1%	0,04
2009	2009B	15,89	1%	0,16
2009	2010A	25,71	1%	0,26
Total				1,03

**ANEXO V: Cálculo para a determinación da sanción por infracción grave do artigo 191.3 da LXT**

Ano	Autoliquidación	Base da sanción	Sanción a imponer (%)	Importe (€)
2007	2007B	26.168,64	75,00%	19.626,48
2007	2008A	26.076,77	75,00%	19.557,58
2008	2008B	26.929,54	75,00%	20.197,16
2008	2009A	14.023,81	75,00%	10.517,86
2009	2009B	28.814,08	75,00%	21.610,56
2009	2010A	22.953,46	75,00%	17.215,10
Total				108.724,74
<b>Reducción 30% (art 188.1 LXT)</b>				<b>32.617,42</b>
<b>Sanción</b>				<b>76.107,32</b>